Francisco Porto Varela
http://12luas.blogspot.com
Email: franciscoportovarela@gmail.com

12 Lúas

Primeira Lúa

Aire comprimido
que move as augas e océanos
deixa achegar o guerreiro
á súa ninfa.
Deixa que caian
en picado
ata xuntar as súas garras no ceo.

Segunda Lúa

Noite dos Feos
cicatrices sen pechar
corazóns infértiles
de augas salgadas

Terceira Lúa

Comunicacións á distanza
wireless e bluetooth
incesantes monótonas horas
de sons mecanográficos

Incesante insomnio
camiño de longas palabras
de preguntas test
de perguntoiros incontestables

Barcos parvos
sen áncoras
surcan a ribeira de Pontevedra.

Cuarta Lúa

Falcón
na procura da súa presa
da súa andoriña
Aquela branca e azul
pura e casta
Para cruzar as súas argolas
nas encrucilladas dos ceos.

Quinta Lúa

Non sms
Non interactuacións electrónicas
Non os mails
Non as chamadas
Non as palabras
Non os máis instintivos sentidos
Non as bolboretas

silencio : o desacougo está a chegar.

Sexta Lúa

Repetición de aes
Silveiras de sies
Colleitas de noes

Berridos espidos
de bágoas núas
que recollen o ventre
bicando o laberinto
de noites oscuras.

Lumeiradas
que acenden
o espíritu
movéndoo pola pedra da lareira
polo escruto das carballeiras
deslizándoo polas carreiras.

Xestas
sen verdes e amarelos
terra desmerecida
de xuncais de ribeiras
berran desafogadas
en mares e rias.

Fontes esgotadas
por vidas soterradas
por anhelos esquecidos
por xeracións truncadas.

Cantan a Sexta Lúa
novas muiñadas
que desafiantes tempos chegarán
coa nova sabia
cun novo vento.

Séptima Lúa

Sinfonías do Mandeo
transcorren polas gárgolas

dibuxando un novo alento
do cementerio das almas.

Santas Compañanas despiadadas
pasearon ó noso carón
carretando guadañas e fouciños
tentado sulfatar
os chorimeiros
laconeiros de parrandas.

Andrades e Cabezudos
do novo século
tentan andares
de porco ceibe e bravo
cando nada máis que son
serpes e bois capados.

Carrilanas que voan
cenpés que saltan
gaivotas que corren
pola Rúa das Cen Damas.

Oitava Lúa

Globos sen aire
debuxan dornas sen velas
bailadoras empedradas
sons de trigo de centeo
acompañan á tronada.

Viño aguado
non balsámico
acompañan
os nosos sobranceiros cantos
ilóxicos, diversos ...

Meigas de Terra e Mar
enfeitizan os nosos ceos
de brancos e negros.
Os sacos percorren o nosos pescozos
inmunizándonos
das maldicións dos Deuses.

O vento atopa a súa estancada
despois de errar
por prados e montes
na búsqueda
exacerbada
do novo Ulises
da esperada Sara.

Novena Lúa

Equilibrista de algodóns
fun chamado a ser
unha noita que arrivou as 10.

Café, Cervexa e Chorizo
estaban sobre a mesa
cada un xogou o seu póker
sen reglas datadas.

Biparidade de gobernos
estaban a ser escoitadas
polo Joker
que tiña un as na manga.

Aliados e enemigos
había
esperando cadanseu
a súa encrucillada.

A noite
foise tapando
cando o chewing explotou.
Relámpagos desvaecentes
cubriron as desoladas rúas
para cubrir o triste pano do Adeus.

Décima Lúa

Noites de néboa
no London que non fala English.
Desprazamentos
de Underground
coidándote do Step.
Tropezos
coas Pints e Spirits
fan to call a Scotland Yard
na búsqueda
do Doctor Watson
con seu Elemental.

Undécima Lúa

Xenio da Lámpada
Calvo de Troitas
Lingua de Xerpe

de curmán enrocado.

Dispara coa viperina
cos obuses da alma
ás bombas de auga.
Cargador vello
de baterías de nylon
para download
fotos de purpurina.

12 lúas

12 lúas
han de pasar
para que a profecía
se cumpra.

O guerreiro está a chegar
para salvar a súa ninfa.
Dos arqueiros encrucillados
das demo-damiselas
das pantasmas lingueteiras.

Esta é a derradeira
polo menos nesta guerra.
Guerra dos 30 anos non 40.
Xuntando xeracións
linguas e diversidades
para proclamar a nosa cultura,
os nosos ideales
neste mundo que vai cara a Universilidade.



Attribution-NonCommercial-ShareAlike 3.0 Unported

You are free:

- to Share - to copy, distribute and transmit the work
- to Remix - to adapt the work

Under the following conditions:

- Attribution. You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- Noncommercial. You may not use this work for commercial purposes.
- Share Alike. If you alter, transform, or build upon this work, you may distribute the resulting work only under the same or similar license to this one.
- For any reuse or distribution, you must make clear to others the license terms of this work. The best way to do this is with a link to this web page.
- Any of the above conditions can be waived if you get permission from the copyright holder.
- Nothing in this license impairs or restricts the author's moral rights.

The document was created by CC PDF Converter